

Expediente cívicas: 2020028397

Asunto: Nomeamento das persoas que exercerán de xurado do I concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero “Curta coa violencia”

NOTIFICACIÓN

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística aprobou no día 5 de marzo de 2021, a seguinte resolución:

“O Concello Pleno na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2020, aprobou as Bases do I concurso de curtametraxes contra a violencia de xénero “Curta coa violencia”.

A Base 8 establece que o xurado terá a seguinte composición e darase a coñecer con anterioridade á súa constitución na páxina web do Concello de Ferrol (www.ferrol.es/Sede electrónico/Taboleiro de Anuncios), co obxecto de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes:

- Presidente/Presidenta: A concelleira da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística.
- Tres vogais entre as/os que figurarán persoal técnico da concellería de Muller e Igualdade e persoas expertas ou de recoñecido prestixio no ámbito da Igualdade.
- Secretario/a: funcionaria/o da concellería de Muller e Igualdade.

Á vista do exposto e co obxecto de continuar coa tramitación do expediente, a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como membros do xurado para a valoración dos proxectos presentados ao abeiro de dito concurso, ás seguintes persoas:

- Presidenta: Cristina Prados Rubio, concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística

- Vogais:

- Sandra Suárez Pérez, asesora xurídica do CIM Ferrol
- M.^a Jesús Olivares Rodríguez, directora da Casa de Acollida
- David Monteagudo Martínez, animador sociocultural da Casa da Muller

- Secretaria: M.^a Iria Buján Vázquez, xefa de Servizo de Benestar Social, Igualdade e Xuventude

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998). Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

O secretario xeral